

## **A D.O. Ribeira Sacra entra na recta final da vendima ao superar esta fin de semana os 5 millóns de quilos**

Despois da primeira fin de semana de outubro, das 97 adegas acollidas á Denominación que vendiman nesta campaña, 43 xa completaron os traballos, 46 están vendimando, 4 téñena paralizada e unicamente faltan 4 adegas por iniciar a recollida.

A data 3 de outubro recolléronse na **D.O. Ribeira Sacra 5.023.114 quilos de uva**. Na pasada campaña superábanse os 5 millóns de quilos con data 30 de setembro. Nesa data das 92 adegas que vendimaron no 2020, 12 adegas aínda estaban vendimando e as 80 restantes xa finalizaran os traballos.

Por variedades os quilos recolleitos distribúense do seguinte modo:

### **Variedades tintas**

- **Mencia 3.981.265 kilos**
- Garnacha 183.459 kilos
- Merenzao 57.359 kilos
- Sousón 31.584 kilos
- Brancellao 30.189 kilos
- Caíño tinto 25.215 kilos
- Tempranillo 22.641 kilos
- Mouratón 6.763 kilos
- Grao Negro 57 Kilos

### **Variedades brancas**

- **Godello 536.516 kilos**
- Albariño 94.165 kilos
- Treixadura 38.534 kilos
- Dona Branca 5.769 kilos
- Blanco Legítimo 4.614 kilos
- Loureira 3.186 kilos
- Torrontés 1.798 kilos